

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 31 DE MAIO DE 2021

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. Verónica Vigo Santamariña (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)

D^a. Soraya María Fernández Leal (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D. Eduardo José Pereira Arnosó (PP)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA-G. Mixto)

Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e seis minutos do día trinta e un de maio de dous mil vinte e un, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de cumprir os protocolos de seguridade e saúde establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE 22/03/2021

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación a acta da sesión.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 14/2021 AO 28/2021

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

3º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO 8.f) DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 26/04/2021, EN RELACIÓN COA CORRECCIÓN DE ERROS NA SOLICITUDE E/OU NOS PROXECTOS INCLUIDOS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS “POS+21”) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

A Xunta de Goberno Local adoptou, en data 26 de abril de 2021, acordo do seguinte tenor literal:

“Dáse conta de que presentada a correspondente solicitude ante a Deputación Provincial da Coruña, formuláronse pola Corporación Provincial requirimentos a esta entidade para que emendasen as seguintes deficiencias:

- a) Se consideran denominacións xenéricas as efectuadas nos seguintes investimentos incluídos no Plan Complementario

SUBSTITUCIÓN DACUBERTA CASA DA CULTURA

SUBSTITUCIÓN DE VENTÁS DA CASA DA CULTURA

- b) Erros nos importes consignados no acordo tomado polo Pleno en sesión celebrada o día 25/01/2021, consistentes no seguinte:

- No investimento “Pavimentación Vilar”, incluído no apartado de ”Achega Provincial 2020”, figura como importe do orzamento a contía de 55.977,60 cando a que figura no proxecto é de **55.977,59**.

- Nos seguintes investimentos incluídos no Plan Complementario existen igualmente erros nos importes do orzamento consignado, segundo o seguinte detalle:

Investimento	Importe consignado no acordo	Importe do proxecto
PAVIMENTACIÓN ALCALLAS - CRUZ DO POUSO	62.094,64	62.094,65
REFORMAS CAMPO DE FUTBOL DE SAN ISIDRO	61.356,44	61.356,45

- c) Erros no proxecto de “Pavimentación Ardá”, incluído no Plan Complementario, consistente nunha incongruencia entre o indicado nos apartados 1.8 e 1.10, co sinalado no 1.1.4, así:

No apartado 1.8. PLAZO DE EJECUCIÓN, consígnanse 2 meses.

No apartado 1.10 PRESUPUESTO DE LAS OBRAS, figura o seguinte:

Asciende el Presupuesto de Ejecución Material (P.E.M), a la cantidad de TREINTA Y UN MIL NOVECIENTOS SETENTA Y CINCO EUROS CON SESENTA Y TRES CENTIMOS DE EURO (31.975,63 €).

E por outra banda no apartado 1.1.4.- Características de la obra, indícase:

Presupuesto:

Asciende el Presupuesto de Ejecución Material (P.E.M), a la cantidad de CUARENTA Y DOS MIL QUINIENTOS SIETE EUROS CON CUATRO CENTIMOS DE EURO (42.507,04 €).

Plazo de ejecución y personal previsto:

El plazo de ejecución previsto es de DOS (2) SEMANAS.

Indican igualmente nos requirimentos, coa excepción do correspondente a “Reformas Campo de Fútbol de San Isidro”, que nos presupostos dos proxectos figura incluído o cartel da obra (partida non subvencionable segundo o que establece a Base 5.B.3.1 apartado d) relativa ao orzamento da obra).

d) O proxecto de “Substitución da cuberta na Casa da Cultura de Neda”, incluído no Plan Complementario, consideran que se debe corrixir segundo as seguintes consideracións:

- Xustificación do CTE (illamento de cuberta e/ou falso teito).
- Faltan planos de detalle para formación de cuberta, beirado da cuberta, e instalación de pluviais
- Falta prego de prescricións técnicas e particulares (Base 5.B.3.1.c BOP 31.12.2020)
- Non inclusión de partidas non subvencionábeis (cartel de obra na partida 3.4).
- Poden faltar partidas para formación de canlón oculto ou remate do beirado, no seu caso

e) O proxecto de “Substitución de fiestras na Casa da Cultura de Neda”, incluído no Plan Complementario, consideran que se debe corrixir segundo as seguintes consideracións:

- Falta prego de prescricións técnicas e particulares (Base 5.B.3.1.c BOP 31.12.2020).
- Non inclusión de marcas ou excepcionalmente coa expresión "ou equivante" (partida 2.6).
- Non inclusión de partidas non subvencionábeis (cartel de obra na partida 3.4).
- Poden faltar detalles e/ou partidas para acabamento interior dos ocos, no seu caso.

Comprobados os erros indicados e trasladado o asunto aos Servizos técnicos do Concello, procedeuse á emenda das indicadas deficiencias presentándose á Xunta de Goberno os proxectos emendados.

Tendo en conta que se trata de correccións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar os proxectos modificados das referidas obras e corrixir os erros aritméticos ou de feito observados no acordo Plenario do día 25/01/2021, así como o cambio da denominación dos proxectos referidos á Casa da Cultura deste Concello, quedando dito acordo redactado do seguinte xeito:

“1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”,”achega provincial

2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	0,00	0,00	0,00

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	130.719,86
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	130.719,86

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2021	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente	Financiamento do investimento
--	--------------------------------------

sostibles)			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Pavimentación Rabadeña- Fábrica do Monte	45.007,54	0,00	45.007,54
Pavimentación Vilar	55.977,59	0,00	55.977,59
Subtotal investimentos achega provincial 2020	100.985,13	0,00	100.985,13

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
	0,00
	0,00
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020			
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	130.719,86		130.719,86
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			

C- INVESTIMENTOS	Achega 2021			
	Achega 2020	100.985,13	0,00	100.985,13
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021			
TOTAL	Achega 2021			
	Achega 2020			
	Préstamo 2021			
	TOTAL	231.704,99 €	0,0	231.704,99 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
PAVIMENTACIÓN EMPREDRON	30.393,18
PAVIMENTACIÓN MURALLON	38.739,52
PAVIMENTACIÓN ARDA	46.041,71
PAVIMENTACIÓN CHISQUEIRA - GALANOS	36.949,48
PAVIMENTACIÓN ALCALLAS - CRUZ DO POUSO	62.094,65
REFORMAS CAMPO DE FUTBOL DE SAN ISIDRO	61.356,45
SUBSTITUCIÓN DACUBERTA CASA DA CULTURA DE NEDA	50.813,84
SUBSTITUCIÓN DE VENTÁS DA CASA DA CULTURA DE NEDA	75.667,47
TOTAIS	402.056,30

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

SEGUNDO.- Dado que as correccións aritméticas dos importes dos proxectos, así como os cambios de denominación dos referidos aos investimentos na Casa da Cultura, afectan tamén aos anexos IX relativo á non división en lotes, segundo acordo tomado por este órgano municipal en sesión do día 25/01/2021, aprobar igualmente as correspondentes modificacións no indicado acordo, debendo confeccionarse uns novos anexos IX das obras afectadas polas emendas.

TERCEIRO.- Subir este acordo, así como os proxectos modificados e os anexos IX emendados á plataforma SUBTEL da Deputación Provincial da Coruña.

CUARTO.- Deste acordo darase conta ao Pleno municipal, na primeira sesión que celebre, para a súa ratificación””.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, ratifica o transcrito acordo da Xunta de Goberno Local.

4º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO 8.d) DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 10/05/2021, EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN CHISQUEIRA-GALANOS” INCLUIDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS “POS+21”) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

A Xunta de Goberno Local adoptou, en data 10 de maio de 2021, acordo do seguinte tenor literal:

“Dáse conta de que presentada a correspondente solicitude ante a Deputación Provincial da Coruña, formulouse pola Corporación Provincial requirimento a esta entidade para que emendase a seguinte deficiencia observada no proxecto da referida obra incluídas no Plan

Complementario do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”, da Deputación Provincial da Coruña:

“No presuposto, concretamente no capítulo de Seguridade e Saúde, figura incluído o cartel da obra (partida non subvencionable segundo o que establece a Base 5.B.3.1 apartado d) relativa ao orzamento da obra)”.

Trasladado o asunto aos Servizo técnicos do Concello, efectuáronse as correspondentes modificacións no proxecto, do que pasa a coñecer este órgano municipal.

Tendo en conta que se trata de correccións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado das obras de “PAVIMENTACIÓN CHISQUEIRA – GALANOS”, que ascende a un orzamento total de 36.949,48 €, do que se solicitou a inclusión no Plan Complementario do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”, da Deputación Provincial da Coruña, por acordo Plenario do día 25/01/2021.

2º.- Subir este acordo á plataforma SUBTEL da Deputación Provincial da Coruña.

3º.- Deste acordo darase conta ao Pleno municipal, na primeira sesión que celebre, para a súa ratificación””.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, ratifica o transcrito acordo da Xunta de Goberno Local.

5º.- EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 7/2021

O Pleno toma coñecemento da proposta da Alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contas, en relación coas facturas que se indican de seguido:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

“ASUNTO: RECOÑECIMIENTO DE OBRIGAS PROCEDENTES DE EJERCICIOS ANTERIORES CON CARGO AO ORZAMENTO DO ANO 2021 (EXPEDIENTE N° 7/2021 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS)

N° EXPEDIENTE EN TEDEC: 2021/T003/000019

Tendo en conta o contido da providencia ditada pola Alcaldía e que inicia este expediente, e que pon de manifesto o feito de que no mes de abril tivo entrada no rexistro do Concello o escrito remitido dende a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, e relativo á regularización de liquidacións aprobadas en anos anteriores (exercicios 2017 e 2018) para os Concellos integrantes da dita entidade.

De tales liquidacións practicadas, resulta que este Concello de Neda xa aprobou e ingresou correctamente as cotas do ano 2017 correspondentes aos diferentes conceptos; pero resulta a existencia dunha débeda pendente, correspondente ao exercicio 2018, por

un importe total de 1.254,10€, segundo consta na documentación anexionada ao expediente.

Por outra banda, neste mes de maio, presentouse por parte dun proveedor gastos de farmacia correspondentes a axudas de emerxencia social do ano 2020 (últimos dous meses do ano) pero que son facturados agora, no exercicio actual.

Considerando que en aplicación do principio de anualidade orzamentaria, a cada exercicio impútanse os gastos que se produciron no mesmo, sen máis excepcións que as contempladas na normativa sobre facendas locais; e dado que entre tales excepcións atópase a posibilidade de aplicar aos créditos do orzamento corrente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores e relativas aos expedientes de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos, como é este o caso; iniciouse por parte desta Alcaldía e a través dunha providencia de inicio o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola interventora municipal, e co fin de tratar de dar cumprimento aos prazos de pago que se fixan na liquidación practicada pola Mancomunidade, así como os prazos legais previstos na normativa de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, tratando de facer efectivos a aprobación e pago destes gastos o máis axiña posible,

E dado que neste caso a aprobación destes gastos corresponde ao Pleno Municipal como consecuencia do desfase temporal que se produce, xa que no caso dos gastos xerados pola Mancomunidade, tales liquidacións agora reclamadas non foran solicitadas no exercicio ao que se refiren; e no caso dos gastos de farmacia os mesmos non se presentaron antes de rematar o exercicio económico correspondente e non consta a existencia dun previo compromiso de tales gastos; e tendo en conta o principio de anualidade orzamentaria regulado no TRLRFL e no Real decreto 500/1990; proponse entón ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 7/2021, para aprobar:

- a) A seguinte liquidación xirada pola Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, correspondente a liquidacións do ano 2018, por un importe total de 1.254,09€, segundo o seguinte detalle:

VOLUMINOSOS 2018/11	664,05€
INSTALACIÓN DE TERMO ELÉCTROCP E BOMBAS NO REFUXIO DE ANIMAIS	80,80€
CONVENIO ASFEDRO 2018	509,24€
IMPORTE TOTAL	1.254,09€

- b) A seguinte factura correspondente a gastos de farmacia de beneficiarios de axudas de emerxencia social do ano 2020:

Aplicación		Nombre	Texto Explicativo	Importe
231	48001	FARMACIA OPTICA ORTOPEDIA J. PORTELA	AXUDA SOCIAL MEDICAMENTOS – FAMILIAS VARIAS	147,45

- A aprobación de tales gastos levarase a cabo con cargo ao orzamento deste exercicio.

Que a aprobación destes gastos de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren, continuándose co procedemento, unha vez recoñecidas as obrigas polo Pleno Municipal, segundo o reparto de competencias vixentes no concello.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, e 4 abstencións dos Sres. Concelleiros de PP, BNG e MOVENEDA.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

6º.- RATIFICACION ACORDO BAIXAS IT:

O Pleno toma coñecemento da proposta da Alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda e Contas, en relación con complemento do 100 por 100 do salario das baixas por enfermidade:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO MUNICIPAL

ASUNTO: PROPOSTA RATIFICACIÓN ACORDO DE ELIMINACIÓN DAS RESTRICCIÓNS RETRIBUTIVAS DO PERSOAL EN CASO DE INCAPACIDADE TEMPORAL

EXPEDIENTE TEDEC N° 2021/X999/000073

Tendo en conta que a Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 establecera un novo marco normativo para o réxime de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que eliminou as restricións existentes ata o dito momento e derivadas da entrada en vigor do Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade,

Visto o previsto no Real decreto 956/2018, de 27 de xullo, polo que se aproba e publica o Acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado o 23 de xullo de 2018, en relación ao réxime retributivo da situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Organismos ou Entidades Públicas dependentes, que supón garantir durante a situación de incapacidade temporal a percepción do 100% das retribucións ordinarias correspondentes ao mes de inicio da incapacidade temporal; e tendo en conta que o dito acordo considerouse

directamente aplicable dende a súa entrada en vigor a partires do día seguinte á súa publicación no BOE do día 30.07.2018,

Considerando que o Pleno Municipal deste concello, na sesión celebrada o día 10 de outubro de 2012 aprobara a aplicación das restricións previstas no dito Real decreto lei 12/2012, de 13 de xullo,

Tendo en conta que a aplicación informática de Nóminas, de acordo co principio de condición máis beneficiosa para o traballador, xa ven aplicando a previsión contida na disposición adicional 54ª da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018, en base ao acordo contido no real decreto 956/2018, de 27 de xullo, que permite garantir, durante a situación de incapacidade, a percepción do 100% das retribucións ordinarias correspondentes ao mes de inicio da incapacidade laboral,

Visto que o artigo 146 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, de aplicación ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das entidades locais galegas (artigo 4.1 b), establece que:

3. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley abonarán el complemento retributivo desde el primer día en situación de incapacidad temporal o de disfrute de la licencia por enfermedad que, sumado a la prestación del régimen general de la Seguridad Social, alcance el 100 % de las retribuciones fijas del mes del inicio de la incapacidad temporal.

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno Municipal, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Ratificar a eliminación, que xa se ven aplicando, das limitacións das restricións retributivas en caso de incapacidade temporal ao persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Neda, dende o inicio da dita incapacidade, que estiveron en vigor ata o ano 2018 como consecuencia da entrada en vigor do Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo; e aplicando o contido do Real decreto 956/2018, de 27 de xullo, segundo o previsto na aplicación informática que se emprega para a xestión das Nóminas.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, ratifica a transcrita proposta da Alcaldía.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

7º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

A Concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción do seguinte tenor literal:

“**Cristina Bouza Bellón**, concelleira/o do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Neda, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno.

Exposición de motivos:

O Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana vén de reabrir o debate sobre

o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custe para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custe duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53. Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías da Xunta de Galiza con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1- Amosar a rotunda oposición do Concello de Neda á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.
- 2- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados”.

ENMENDA TRANSACCIONAL PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP, atinente á parte dispositiva da moción, e do seguinte tenor literal:

“O Pleno do concello de Neda, acorda:

1.- Manifestar a súa oposición e, por isto, solicitar a retirada da proposta do Goberno central para o establecemento de peaxes baseados no custo por quilómetro nas autovías de titularidade estatal, que supoñan unha discriminación coa Comunidade Autónoma de Galicia pola súa posición xeográfica e pola situación que se está a padecer coas peaxes das autoestradas de titularidade estatal; e por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, incrementa a inseguridade viaria e constitúe un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galicia.

2.- Expresar o seu apoio a que a rebaixa das bonificacións ás peaxes da AP-9 comprometidas nos Orzamentos do Estado para 2021 sexan aplicados como moi tarde no mes de xuño de 2021.

3.- Reiterar, pola importancia que a AP-9 representa para a mobilidade interna en Galicia, a urxencia do traspaso desta infraestrutura, acelerando tanto a tramitación da Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, remitida polo Parlamento de Galicia ao Congreso, como o inicio dos traballos na Comisión Mixta de Transferencias prevista na Disposición Transitoria Cuarta do Estatuto de Autonomía de Galicia, coa finalidade de proceder ao traspaso efectivo antes de que remate o ano 2021”.

VOTACIÓN DA EMENDA: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, rexeita a emenda transaccional, con 2 votos a favor da súa aprobación dos Sres. Concelleiros do PP, 10 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE e BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á moción, con 4 votos a favor da súa aprobación dos Sres. Concelleiros de PP, BNG e MOVENEDA, e 9 votos en contra Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

8º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTÁBEL, XUSTA E GALEGA FRONTE AO ESPOLIO E A DEPRDACIÓN

A Concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción do seguinte tenor literal:

“O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno:

Exposición de motivos:

Galiza sofre hoxe un boom eólico sen precedentes. As grandes empresas do oligopolio eléctrico e os gobernos da Xunta e do Estado están a aproveitar a necesidade

de desenvolver unha transición enerxética que abandone enerxías fósiles para repetir a historia: facer que Galiza sexa unha gran produtora de enerxía sen capacidade decisión, cun modelo espoliador e depredador deseñado ás nosas costas e ao servizo das grandes empresas, sen participación social e sen garantías de protección medioambiental nin de que o beneficio económico obtido sexa empregado para reverter na xeración de riqueza no noso país.

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do “verde” asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e agora tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar ao favorecer un modelo depredador. É necesario apostar polas enerxías renovábeis, pero hai que ter en conta que non por ser renovábeis son inocuas e que tamén deben avaliarse os seus impactos.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como “lei de depredación” (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Ademais, isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelamento industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa

pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociacións veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética.

Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega. Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

Por todo o exposto o pleno do concello acorda demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.

2. Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.

3. Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

4. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:

a) Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.

b) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

5. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 2 votos a favor da súa aprobación dos Sres. Concelleiros de BNG e MOVENEDA, e 11 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE e PP.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e coarenta minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral